

Desenvolvemento territorial

O estudio dos principais aspectos relativos ao desenvolvemento territorial da área de A Coruña divídese en dúas partes diferenciadas, nas que se fai referencia a súa dotación de infraestruturas e ao medio ambiente.

Infraestruturas

• Estradas

As principais estradas da área de A Coruña son a autopista A-9 que une as cidades de A Coruña e Vigo, así como coa capital galega e co concello de Ferrol, a Autovía A-6 que comunica a provincia coa Meseta, a Autovía autonómica AG-55 que une A Coruña con Carballo, as estradas nacionais N-VI, N-550, N-651, así como a estrada da rede primaria básica, que une o concello de A Coruña con Cee vertebrando toda a área funcional.

Dentro da área funcional analizada, a cidade de A Coruña é o principal centro dende o punto de vista da comunicación viaria, canalizando o tráfico en tres eixes norte-sur, (Ap-9, N-550 e ferrocarril Coruña-Ourense-Santiago-Madrid) e, por outra banda, en catro eixes oeste-este (A-6, N-VI, AG-55, C-552 e o ferrocarril Coruña-Lugo-Madrid).

A AP-9 canaliza o tráfico cara a Santiago, así como ás cidades do corredor Atlántico, Portugal e Ourense, así como a Ferrol e ao norte peninsular.

A A-6 e a N-VI recollen o tráfico de largo percorrido cara Lugo ata Madrid.

Dentro do Plan de Estradas da Xunta de Galicia, podemos distinguir as actuacións que no conxunto da área funcional están postas en servizo de aquelas que están en curso.

As actuacións postas **en servizo** nas cinco comarcas da área funcional de A Coruña son as seguintes:

1º.- Acondicionamento da estrada AC-162: Actuación de acondicionamento da estrada AC-162 no

treito Sada - Bergondo. Esta estrada pertence á Rede Complementaria da Xunta de Galicia, e a actuación realizada tiña unha lonxitude de 3,8 km aproximadamente, afectando aos concellos de Sada e Bergondo, dando servizo a unha poboación de 18.354 habitantes, e cun orzamento 2,08 millóns de euros.

2º.- Estrada de acceso e subministro eléctrico en MT/BT á nova estación de Control marítimo en “Chan das Lagoas” (Vimianzo e Dumbria - A Coruña): Este proxecto, realizo sobre a base dun convenio con outras administracións, ten por obxecto a creación dunha nova estrada para posibilitar o acceso á nova estación de control marítimo sita no paraxe de Alto de Chan das Lagoas, a unha cota de 531 metros sobre o nivel do mar e dentro do Concello de Dumbria. A creación desta nova estación ven dada para subsanar a ausencia de instalacións de última xeración para realizar un control e seguimento automatizado do transporte marítimo que transita diariamente fronte as nosas costas. A poboación afectada é de 12.960 habitantes localizados nos concellos de Vimianzo e Dumbria e o orzamento é de 1,4 millóns de euros.

3º.- Urbanización e dotación de servizos na AC-552 (antiga C-552), Rúa Vázquez de Parga, Camiño Novo, Rúa Fomento e Ensanche para a dotación de beirarrúas na Ponte da Casilla no concello de Carballo, fase 2: Esta vía pertence á rede primaria básica da Xunta de Galicia. A actuación ten unha lonxitude 434 m, afectando ao concello de Carballo e dando servizo a unha poboación de 28.949 habitantes. O orzamento é de 1,1 millóns de euros.

As actuacións **en curso** na área funcional son as seguintes:

1º.- Acondicionamento da estrada AC- 414 (treito Buño- Malpica): O treito da estrada obxecto da actuación pertence á Rede Primaria Complementaria da Xunta de Galicia, trátase dunha estrada cunha IMD entre 3.000 e 5.000 vehículos cunha porcentaxe de vehículos pesados do 5%. A lonxitude da actuación é de 5,5 km, afectando aos concellos de Malpica de Bergantiños, Carballo, Ponteceso e Coristanco, e prestando servizo a unha poboación de 50.986 habitantes. O orzamento previsto é de 6,3 millóns de euros.

2º.- Acondicionamento da estrada AC- 414 (treito Carballo - Buño): : O presente treito de estrada encádrase dentro das Rede Primaria Complementaria da Xunta de Galicia. A Lonxitude da actuación é de 9,8 Km, afectando aos concellos de Carballo e Malpica de Bergantiños, prestando servizo a unha poboación de 35.597 habitantes. O orzamento previsto é de 10,3 millóns de euros.

3º.- Acondicionamento da estrada AC-422. Treito Buño - Ponteceso. O presente treito de estrada encádrase dentro das Rede Primaria Complementaria da Xunta de Galicia Esta actuación ten por obxecto definir a solución proposta para o acondicionamento da estrada Ac-422, entre Buño e Ponteceso, contando con dous treitos de características ben diferenciadas, xa que os primeiros dous quilómetros supoñen un novo trazado que actuarán como circunvalación norte do núcleo urbano de Buño, e o resto é un ensanche e mellora da estrada existente, deste xeito a lonxitude do proxecto é de 11,2 km, afectan aos concellos de Ponteceso e Malpica e dado servizo a 19.681 habitantes, dos concellos de Cabana. Malpica e Ponteceso. O orzamento previsto é de 4 millóns de euros.

4º.- Acondicionamento da estrada AC- 424, Treito Ponteceso - Corme: : O presente treito de estrada encádrase dentro das Rede Primaria Complementaria da Xunta de Galicia, cunha lonxitude de 8,1 km, afectando exclusivamente ao concello de Ponteceso e dando servizo a unha poboación de 12.611 habitantes. O orzamento previsto é de 4,4 millóns de euros

5º.- Nova estrada Meirama- A6 (enlace Culleredo): O presente proxecto pretende o desenvolvemento completo da solución plantexada no proxecto de trazado para facer posible a súa construción. A lonxitude do proxecto acada os 15,6 km, afectando aos concellos de Cerceda, Culleredo e Laracha, e dando servizo a unha poboación de 50.935 habitantes, dos concellos de Ordes, Cerceda, Laracha e Culleredo. O orzamento total previsto é de 13,5 millóns de euros.

Tráfico aéreo 2006-07: operacións, pasaxeiros e mercadorías no aeroporto de Alvedro

	2006	2007	07/06
		(Datos provisionais)	(%)
Operacións	17.406	18.730	7,6
Pasaxeiros	1.014.839	1.266.804	24,8
Mercadorías	554.039	291.307	-47,4
Total operacións Galicia	61.780	63.366	2,6
Total pasaxeiros Galicia	4.197.404	4.722.893	12,5
Total mercadorías Galicia	4.394.249	4.993.887	13,6

(1) Non se inclúen Outras Clases de Tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos)
 Fonte: AENA

Cadro 6.1.

• **Tráfico aéreo**

O aeroporto de A Coruña está situado aproximadamente a 8 quilómetros de distancia do centro da cidade de A Coruña.

No ano 2007, tal como se desprende do **cadro 6.1.**, o aeroporto de Alvedro rexistrou un total de 1.266.804 pasaxeiros, cun incremento dun 24,8% dos rexistrados o ano anterior. O tráfico de pasaxeiros no aeroporto de Alvedro representa o 26,8% do tráfico total existente en Galicia no ano 2007.

No que respecta ao volume de operacións, estas acadaron as 18.730 no ano 2007, un 7,6% máis que no 2006, representando, así mesmo, o 29,5% das operacións totais levadas a cabo en Galicia no ano 2007.

Finalmente o volume de mercadorías que pasaron ao longo do ano 2007 polo aeroporto de Alvedro ascendeu a 291.307 quilos, un 47,4% menos que no ano anterior, representando o 5,8% do tráfico aéreo de mercadorías total existente en Galicia.

No que respecta aos principais investimentos realizados e en execución no aeroporto de Alvedro e, segundo datos proporcionados por AENA, o investimento realizado no aeroporto de Alvedro no período 2000-2007 ascende a 44,9 millóns de euros, dos que o 49,7% están incluídos no orzamento do ano 2007.

As principais actuacións postas **en servizo** dende o ano 2000 ata a actualidade son:

- Proxecto e obra de ampliación do edificio terminal para instalación de pasarelas: Obra iniciada no ano 2000 e rematada no ano 2001 por importe de 3,8 millóns de euros.
- Ampliación da plataforma de estacionamento de aeronaves: Obra iniciada no ano 2002 e finalizada no ano 2004 por importe de 0,49 millóns de euros.
- Adquisición con instalación de equipos de 400 Hz: Obra iniciada no ano 2003 e finalizada no ano 2004 por un importe de 0,36 millóns de euros.
- Edificio para carga aérea: Obra iniciada no ano 2000 e finalizada no ano 2001 por un importe de 0,29 millóns de euros.

– Balizamento de eixe: Obra iniciada e finalizada no ano 2000 por un importe de 0,3 millóns de euros.

– Aparcamento de coches de aluguer: Obra iniciada no ano 2000 e finalizada no ano 2001 por un importe de 0,17 millóns de euros.

No que respecta ás obras que actualmente están **en execución** destacan:

– Actuación para a posta en Categoría II/III do Sistema de Ateraxe Instrumental ILS: Obra iniciada no ano 2005 ten previsto a súa posta en servizo a finais do presente ano 2007, cun orzamento total de 20,8 millóns de euros, incluíndo expropiacións e indemnizacións.

– Ampliación Plataforma Sur: Obra iniciada no ano 2007 e cunha finalización prevista no ano 2008, cun orzamento total de 4 millóns de euros.

Finalmente, actualmente están en fase de **licitación** as seguintes actuacións:

– Aparcamento e vías, cun importe de licitación, sen impostos de 80,8 millóns de euros.

– Recrecido da pista de voo, cun importe de licitación, sen impostos de 7,2 millóns de euros.

• Infraestruturas hidráulicas

Dentro das infraestruturas hidráulicas cabe salientalo **Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015**. Este plan ten como obxectivo fundamental o cumprimento da Directiva Europea 91/271 de 21 de maio de 1991 sobre tratamento de augas residuais urbanas

Segundo a Directiva 91/271, de 21 de maio de 1991, o obxectivo a cumprir a máis tardar o 31 de decembro de 2005 é dispoñer dun sistema de tratamento secundario, en xeral, en aglomeracións de máis de 2.000 He.

Para o conxunto de concellos da área funcional de A Coruña, o **cadro 6.2.** mostra o seu estado actual e se cumpren ou non a Directiva 91/271.

En primeiro lugar cabe destacar que en 11 concellos da área funcional, a aglomeración principal non supera os 2.000 h.e., e segundo a Directiva 91/271/CEE as aglomeracións urbanas menores de 2.000 h.e deben recibir un tratamento adecuado das augas residuais xeradas, sen especificar estas necesidades, polo que se pode precisar que cumpren o demandado e nalgúns casos con esixencias no tratamento maiores; estes concellos son Aranga, Cesuras, Irixoa, Oza dos Ríos, Paderne, Vilarmador, Vilasantar, Dumbría, Vimianzo, Zas e Coristanco.

No que respecta ao cumprimento dos parámetros nas aglomeracións maiores de 2.000 h.e, destacar:

– Carral e Abegondo: Incumpre a Directiva 91/271. A aglomeración de Carral e Abegondo está formada polo núcleo principal de Carral e os próximos ao río Barcés, pertencentes ao concello de Abegondo. As augas residuais recollidas son tratadas na EDAR biolóxica de Reboredo (Carral), estando prevista a construción dunha nova EDAR con capacidade de tratamento para 4.000 h.e.

– A Coruña: Incumpre a Directiva 91/271. A aglomeración de A Coruña está formada polos concellos de Arteixo (as augas residuais xeradas non núcleos próximos ao río Sisalde serán tratadas na futura EDAR biolóxica de Barragán), Cambre, A Coruña, Culleredo e Oleiros. A EDAR de Bens consiste nun pre-tratamento e emisario submarino, Actualmente encóntrase en fase de construción a nova EDAR biolóxica con desinfección mediante UV e con capacidade para 600.000 h.e.

Estado actual do saneamento respecto á Directiva 91/271 nos concellos da área funcional de A Coruña

Concello	Cumprimento	Observacións
Abegondo	Non	Conectado a EDAR de Reboredo
Arteixo	Non	Conectado a EDAR de Bens (A Coruña), EDAR de Barrañán (prevista)
Bergondo	Parcial	EDAR de Modelo, EDAR de Gandarío (prevista)
Cambre	Non	Conectado a EDAR de Bens (A Coruña)
Carral	Non	Nova EDAR de Reboredo (prevista)
A Coruña	Non	Nova EDAR de Bens (en execución)
Culleredo	Non	Conectado a EDAR de Bens (A Coruña)
Oleiros	Parcial	Conectado a EDAR de Bens (A Coruña) EDAR de Oleiros
Sada	Si	Instalación de Tratamento UV (previsto)
Aranga	<2000	
Betanzos	Si	Instalación de Tratamento UV (previsto)
Cesuras	<2000	
Coirós	Si	
Curtis	Non	EDAR Curtis estación (prevista)
Irixoa	<2000	
Miño	Si	Instalación de Tratamento UV (previsto)
Oza dos Ríos	<2000	
Paderne	<2000	
Vilamaíor	<2000	
Vilasantar	<2000	
Cee	Si	
Corcubión	Si	
Dumbría	<2000	
Fisterra	Non	EDAR prevista
Muxía	Si	
Camariñas	Non	EDAR de Camariñas (En execución), EDAR de Ponte do Porto (prevista)
Vimianzo	<2000	
Zas	<2000	
Cabana de Bergantiños	Si	
Carballo	Si	
Coristanco	<2000	
A Laracha	Si	
Laxe	Si	
Malpica de Bergantiños	Non	EDAR prevista
Ponteceoso	Parcial	EDAR de Corme (prevista)

Fonte: Augas de Galicia

Cadro 6.2.

- Oleiros: No ano 2006 entrou en funcionamento a nova EDAR biolóxica de Oleiros con capacidade para 6.000 h.e.
- Bergondo: No concello de Bergondo existen dúas aglomeracións, maiores de 2.000 h.e cumprindo parcialmente a Directiva xa que:
 - Modelo: No ano 2007 entrou en funcionamento a nova EDAR biolóxica con desinfección (4.000 h.e).
 - Gandarío: Está prevista unha EDAR biolóxica de aireación prolongada e UV (5.000 h.e) pero actualmente non cumpre a Directiva 91/271.
- Sada: A aglomeración de Sada cumpre a Directiva 91/271. A EDAR biolóxica de fangos activos e eliminación (2.000 h.e). Están previstas obras de mellora (instalación de desinfección UV).
- Betanzos: A aglomeración de Betanzos cumpre a Directiva 91/271. Na actual EDAR biolóxica está previsto instalar desinfección UV.
- Coirós: A aglomeración de Coirós cumpre a Directiva 91/271. Dende 2006 conta cunha EDAR biolóxica mediante fangos activos en aireación prolongada para 8.500 h.e.
- Curtis Estación: A aglomeración de Curtis verte directamente as súas augas residuais. Actualmente está en execución unha EDAR biolóxica para 2.000 h.e.

– Miño: A aglomeración de Miño cumpre a Directiva. Existe unha EADR con tratamento biolóxico e cloración (9.000 h.e), estando previstas obras de mellora coa instalación de desinfección por UV. No mesmo concello atópase en fase de construción, unha EDAR biolóxica que recollerá Perbes e os núcleos próximos ao río Baxoi.

– Cee–Corcubión: Incumpre a Directiva 91/271. As augas residuais son tratadas dende 1997 nunha EDAR compactada de tratamento físico-químico e biolóxico mediante leiros bacterianos inundados e aireados. Para das solución ao incumprimento, están en execución obras de mellora que inclúen a desinfección UV da auga tratada.

– Fisterra: Incumpre a Directiva o non ter ningún tipo de tratamento das augas residuais. Está en execución unha EDAR para 4.000 h.e.

– Muxía: A aglomeración de Muxía cumpre a Directiva 91/271, conta dende 2003 cunha EDAR físico-química e desinfección mediante UV deseñada para 2.500 h.e.

– Camariñas: No concello de Camariñas existen dúas aglomeración maiores de 2.000 h.e. que actualmente non teñen ningún tratamento:

Camariñas: Atópase en fase de construción unha EDAR biolóxica (5.000 h.e)

Ponte do Porto: Está prevista a construción dunha nova EDAR (5.000 h.e)

– Lodeiro: (Cabana de Bergantiños): Cumpre a Directiva, dende 2004 conta cunha EDAR biolóxica.

– A Laracha: Cumpre a Directiva, posúe unha EDAR biolóxica mediante canal de oxidación (5.000 h.e)

– Laxe: A aglomeración de Laxe cumpre a Directiva dende a entrada en funcionamento no ano 2007 da EDAR biolóxica con capacidade de tratamento para 3.000 h.e.

– Malpica: Actualmente non posúe ningún tratamento das augas residuais polo que incumpre a Directiva 91/271, está prevista a construción dunha EDAR para 5.000 h.e.

– Ponteceso: A aglomeración de Ponteceso cumpre a Directiva. As súas augas residuais son tratadas nunha EDAR biolóxica con capacidade para 4.000 h.e.

– Carballo: A aglomeración de Carballo cumpre os parámetros de vertido que esixe a directiva. Conta cunha EDAR biolóxica (35.000 h.e)

• Tráfico portuario

Dentro da área funcional de A Coruña distinguimos o porto de interese xeral de A Coruña, así como os portos de Galicia localizados en Sada, Laxe e Cee.

Os **cadros 6.3.** e **6.4.** mostran respectivamente o tráfico de pasaxeiros e de mercadorías no porto de A Coruña, en comparación co volume total dos portos de interese xeral existentes en Galicia. Neste senso o tráfico de pasaxeiros do porto de A Coruña ascendeu no ano 2006 a 39.988 pasaxeiros, un 18,5% máis que o ano anterior, realizándose no citado porto o 22,3% do tráfico total de pasaxeiros contabilizado no conxunto de portos de interese xeral galegos. No que respecta ao tráfico de mercadorías no porto de A Coruña, o 42,9% do tráfico total de mercadorías realizado nos portos de interese xeral galegos, está localizado no porto de A Coruña, ascendendo esta porcentaxe ata o 85,8% no caso dos graneis líquidos. Agás no caso das mercadorías en xeral e na pesca fresca, no porto de A Coruña no período 2005-2006, reduciuse o volume de descargar, reducíndose así mesmo o peso total das descargas de mercadorías no porto de A Coruña en relación ao volume total galego, pasando do 44,9% no ano

Tráfico de pasaxeiros nos portos galegos de interese xeral 2005-06

	Pasaxeiros		
	2005	2006	06/05 (%)
Total Galicia	168.926	179.043	6,0
A Coruña	33.757	39.988	18,5
Total Portos do Estado	22.402.164	24.217.112	8,1
G/E (%)	0,8	0,7	

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico

Cadro 6.3.

Tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral 2005-06

	Graneis líquidos		Graneis sólidos		Mercadoría xeral	
	2005	2006	2005	2006	2005	2006
	(en Tm.)					
A Coruña	8.432.163	8.204.511	4.371.379	4.092.576	1.012.016	1.138.618
Total Galicia	9.683.543	9.558.658	14.952.739	14.946.779	6.132.727	6.733.245
Total Portos do Estado	146.006.096	149.924.383	113.648.161	112.937.824	166.612.612	184.377.302
G/E (%)	6,6	6,4	13,2	13,2	3,7	3,7
	87,07725055	85,83329375	29,23463721	27,38098958	16,50189223	16,91039016
	Pesca fresca		Avituallamento		Total	
	2005	2006	2005	2006	2005	2006
	(en Tm.)					
A Coruña	26.061	29.869	511.179	415.458	14.352.798	13.881.032
Total Galicia	116.316	126.384	1.063.883	962.399	31.949.208	32.327.465
Total Portos do Estado	221.879	238.265	13.266.686	14.099.171	439.755.434	461.576.945
G/E (%)	52,4	53,0	8,0	6,8	7,3	7,0

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Puertos del Estado e das Autoridades Portuarias

Cadro 6.4.

Portos de Galicia 2005-06

	2005	2006
Sada	10.338	6.335
Alambrón	2.942	6.335
Manufacturas de aluminio	1.333	
Taboleiros	6.063	
Laxe	3.200	
Contenedores	3	
Túidos conxelados	3.136	
Outros	61	
Cee	182.396	210.366
Caolín	36.901	39.460
Carbón	101.105	68.982
Ferroaleacións	43.256	50.863
Mica	901	896
Transformadores	233	2.093
Madeira		23.365
Escorias		24.707
Coque		
Total	195.934	216.701

Fonte:

Cadro 6.5.

Polígonos e Parques empresariais esgotados na área funcional de A Coruña

Denominación	Concello	Promotor	Xestor	Superficie neta
P.E. de Coirós (1ª, 2ª e 3ª fase)	Coirós	Xestur Coruña	Xestur Coruña	256.750
P.E. de Alvedro	Culleredo	IGVS	Xestur Coruña	438.000
P.I. Bergondo	Bergondo	SEPES	SEPES	1.015.747
P.I. Pocomaco	A Coruña	Privado	Privado	736.000

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Vivenda e Solo, Galicia Suma

Cadro 6.6.

2005 ao 42,9% no ano 2006. Como consecuencia da proximidade da refinería de Repsol YPF, o porto de A Coruña move unha grande cantidade de “gasolina-petróleo refinado” e “nafta”.

En relación aos portos de Galicia, podemos distinguir na área funcional, tres portos, Sada, Laxe e Cee, destacando este última tanto polas descargas de carbón (68.982 toneladas) como de caolín (39.460 toneladas) (**cadro 6.5.**).

No que respecta ao *Plan de Investimentos 2005-2009*, a actuación máis importante é a construción do Porto Exterior en Punta Langosteira, cuxa entrada en servizo está prevista para o ano 2012, estas instalacións están ubicadas no concello de Arteixo e emprazadas entre Punta Langosteira, ao norte, e a Punta da Trabe, ao oeste. Dita zona localízase a uns 7 km ao suroeste do casco urbano da cidade de A Coruña, e comprende unha área terrestre de 3,5km x 1,5km, e unha área marítima de 2,5 km x 3km.

• **Parques empresariais**

Segundo os datos presentados no estudio *Galicia Suma, promoción e creación de solo empresarial galego*, no primeiro semestre de 2006, o número de parques empresariais operativos na área funcional de A Coruña, ascendía a nove, dos que cinco son de xestión privada. A superficie neta total existente en parques empresariais operativos na área funcional ascende a 7.670 km², estando o 80% desta superficie localizada en parques industriais na comarca de A Coruña.

No que respecta a parques empresariais en trámite na área funcional de A Coruña, o **cadro 6.6.** mostra a existencia dentro da citada área funcional de un total de 10 parques empresariais en trámite, sendo o de maior superficie programada o parque de actividades económicas de Arteixo con 1.011.752 m². Segundo datos da Consellería de Vivenda e Solo, a superficie bruta de parques empresariais en tramitación na área funcional de A Coruña ascende a 3.901.602 m².

Finalmente salientar que, segundo datos da Consellería de Vivenda e Solo, e tal como se mostra no **cadro 6.6.**, na área funcional de A Coruña hai un total de catro parques empresariais esgotados, o parque empresarial de Coirós (1ª, 2ª e 3ª fase) e o parque empresarial de Alvedro, Bergondo e Pocomaco, localizados respectivamente nos concellos de Coirós, Culleredo, Bergondo e A Coruña.

Segundo datos do estudio do *Suelo industrial en la demarcación de la Cámara de Comercio, Industria y navegación de A Coruña: Situación actual y necesidades futuras*, no conxunto da área funcional de A Coruña só existen catro polígonos industriais con solo industrial dispoñible o que supón en conxunto 519.654 m² dispoñibles para novas instalacións. Dos datos proporcionados destaca a escasa oferta de solo industrial na comarca de A Coruña, cuxa capital constitúe o principal motor da área funcional. A superficie existente nesta comarca está localizada exclusivamente, no parque empresarial de Alvedro, presentando os demais parques empresariais da comarca unha ocupación do 100% (**cadros 6.7. e 6.8.**).

Polígonos e Parques empresariais operativos na área funcional de A Coruña (1)

Denominación	Concello	Promotor	Xestor	Superficie neta (en m ²)
P.E. Piadela	Betanzos	Privado	Privado	391.724
P.I. A Grela Bens	A Coruña	SEPES	SEPES	1.400.000
P.I. Espírito Santo	Cambre	SEPES	SEPES	600.000
P.I. Os Capelos	Carral	SEPES	SEPES	439.616
P.I. Sabón	Arteixo	Deputación	Privado	3.287.910
P.E. O Temple	Cambre	Privado	Privado	325.953
Centro Loxístico de Transporte de Culleredo	Culleredo	Privado	Privado	602.479
P.E. de Ponteceso (1ª fase)	Ponteceso	Xestur Coruña	Xestur Coruña	105.242
P.E. Bertoa	Carballo	Privado	Privado	517.845

(1) xullo 2006

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Vivenda e Solo, Galicia Suma

Cadro 6.7.

Polígonos e Parques empresariais en trámite na área funcional de A Coruña

Denominación	Concello	Promotor	Xestor	Superficie bruta
Parque de actividades económicas (ACTECA)	Arteixo	Xestur Coruña	Xestur Coruña	1.011.752
P.I. de Camariñas	Camariñas	SEA	SEA	59.840
P.I. de Vimianzo	Vimianzo	SEA	SEA	335.095
P.E. de Carballo	Carballo	Xestur Coruña	Xestur Coruña	730.000
P.E. de Coristanco	Coristanco	Xestur Coruña	Xestur Coruña	175.000
P.E. de Laracha	Laracha	SEA	SEA	835.107
P.E. de Laxe	Laxe	SEA	SEA	50.508
P.E. de Muxía	Muxía	SEA	SEA	52.528
P.I. de CEE	Cee	SEA	SEA	201.772
P.E. de Vilasantar	Vilasantar	IGVS	Xestur Coruña	450.000

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Vivenda e Solo, Galicia Suma

Cadro 6.8.

Medio ambiente

O estudo do medio ambiente na área de A Coruña céntrase na análise da situación do solo da área, en primeiro lugar trátase o número de incendios existentes na zona, pasando posteriormente a analiza-las zonas incluídas dentro da Rede Natura 2000.

No que respecta ao número e superficie afectada polos incendios forestais na área funcional de A Coruña, o **cadro 6.9.** mostra que no conxunto das cinco comarcas que compoñen a área funcional de A Coruña os lumes e superficie total afectada no ano 2006 ascenderon a 778 lumes e 13.711 hectáreas, das que o 62,5% corresponde a superficie arborada (8.568 hectáreas) e o 37,5% restante a superficie rasa (5.143 hectáreas).

A nivel comarcal, o maior número de lumes rexístrase na comarca de A Coruña con 236 lumes no ano 2006, mentres que o maior superficie queimada á a da comarca de Fisterra, onde no citado ano queimáronse 4.780 hectáreas en 85 incendios. Por outra banda a comarca onde se queimou un maior volume de superficie arborada foi tamén a comarca de Fisterra con 3.604 hectáreas, en concreto o concello de Muxía con 2.371 hectáreas arboradas queimadas, seguido do concello de Vimianzo, na comarca de Terra de Soneira, con 1.195 hectáreas arboradas queimadas en 48 incendios.

A Directiva Hábitats crea a rede ecolóxica coherente de zonas especiais de conservación chamada

Lumes e superficie queimada nos concellos da área funcional de A Coruña 2006

	Lumes	superficie afectada		
		arborada	rasa (en ha)	superficie total
A Coruña	236	423,44	148,92	572,36
Abegondo	66	312,82	22,21	335,03
Arteixo	48	23,61	76,93	100,54
Bergondo	5	0,96	0,01	0,97
Cambre	19	7,68	2,69	10,37
Carral	37	48,02	17,90	65,92
A Coruña	25	0,83	8,26	9,09
Culleredo	21	27,13	18,03	45,16
Oleiros	7	0,30	1,82	2,12
Sada	8	2,09	1,07	3,16
Betanzos	130	728,64	368,45	1.097,09
Aranga	33	559,86	199,47	759,33
Betanzos	7	6,25	1,05	7,30
Cesuras	12	2,06	4,80	6,86
Coirós	1	0,03	-	0,03
Curtis	35	68,08	85,09	153,17
Irixoa	2	1,20	-	1,20
Miño	5	0,26	0,33	0,59
Oza dos Ríos	18	75,66	18,40	94,06
Paderne	4	1,44	0,01	1,45
Vilarmalor	1	0,30	0,20	0,50
Vilasantar	12	13,50	59,10	72,60
Fisterra	85	3.604,00	1.176,74	4.780,74
Cee	23	552,66	465,68	1.018,34
Corcubión	1	0,05	-	0,05
Dumbría	23	169,20	97,11	266,31
Fisterra	11	510,20	51,80	562,00
Muxía	27	2.371,89	562,15	2.934,04
Terra de Soneira	97	2.377,54	1.627,04	4.004,58
Camarinas	8	1.051,11	951,06	2.002,17
Vimianzo	48	1.195,31	631,68	1.826,99
Zas	41	131,12	44,30	175,42
Bergantiños	230	1.434,46	1.821,99	3.256,45
Cabana de Bergantiños	6	20,15	12,20	32,35
Carballo	73	105,86	67,54	173,40
Coristanco	43	68,31	49,89	118,20
A Laracha	22	557,46	756,82	1.314,28
Laxe	6	188,52	1,17	189,69
Malpica de Bergantiños	42	97,38	379,41	476,79
Ponteceso	38	396,78	554,96	951,74
Total área funcional	778	8.568	5.143	13.711
Total A Coruña	2.387	22.066,15	14.671,96	36.738,11

Fuente: Consellería do Medio Rural, Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

Cadro 6.9.

Natura 2000. Esta rede terá que garantir o mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats e das especies na súa área de distribución natural dentro do territorio da Unión Europea.

Na área funcional de A Coruña destaca a existencia de tres Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) e do monumento natural da Costa do Dexo.

O monumento natural da Costa do Dexo abrangue unha superficie de 2.667,664 ha, e está constituído pola área litoral comprendida entre o faro de Mera e o porto de Lorbé, ademais das illas e illo-tes próximos á costa, situada no termo municipal de Oleiros. A Costa do Dexo é un lugar de grande importancia ecolóxica tanto pola singularidade dos seus ecosistemas e hábitats como pola súa xeomorfoloxía e paisaxe.

No que respecta aos LIC, na área funcional de A Coruña podemos distinguir os seguintes:

- Río Anllóns: O LIC abrangue unha superficie de 162 ha, nos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco e Ponteceso

- Encoro de Abegondo - Cecebre: O LIC abrangue aos concellos de Abegondo, Betanzos, Cambre, Carral e Oza dos Ríos, este espazo sobresaí pola importancia en número de aves acuáticas e invernantes que se poden atopar nel, así como pola existencia de especies como o bufo real.

- Betanzos-Mandeo: O LIC abrangue unha superficie de 1.020 ha nos concellos de Aranga, Bergondo, Betanzos, Coiros, Irixoa, Miño, Oza dos Ríos e Paderne. O río Mandeo caracterízase polas súas fragas de ribeira ben conservadas e por albergar poboacións importantes de salmón no seu curso baixo, e xa en contacto coa auga do mar, fan a súa aparición asa marismas formadas principalmente por xuncais. ■